LEMBRA

Os verbos son palabras que expresan accións.

A **conxugación** é o conxunto de todas as formas dun verbo. Hai tres conxugacións: primeira (**-ar**), segunda (**-er**) e terceira (**-ir**).

O **infinitivo** é a forma que utilizamos para nomear os verbos.

Todas as formas verbais constan de **raíz** e **desinencias.** Para saber cal é a raíz dun verbo, cómpre sacar a terminación do infinitivo. A parte que queda é a raíz. As outras letras que se lle engaden á raíz en cada forma verbal son as desinencias.

**1 Subliña os verbos que hai nestas oracións.**



- A carteira do barrio deixa as cartas nas caixas do correo.
- O profesor de Música toca nunha orquestra sinfónica.
- As rúas de Lalín énchense de xente pola Feira do Cocido.
- Un camión con patacas tivo un accidente na autoestrada.

**2 Escribe un verbo que describa cada acción.**













3. Relaciona con frechas as formas verbais que pertencen ao mesmo verbo.

| | | |
|---|---|---|
| bateremos | estudaba | saberíamos |
| estudastes | salo | estamos |
| salas | estaba | batestes |
| estarei | saberás | estudarían |
| sabiades | batín | sairedes |

4. Fíxate no exemplo e elimina a terminación de cada infinitivo para atopar a raíz do verbo.

durmir ⇒ terminación: –ir raíz: durm-

debater ⇒ ______________________________

xogar ⇒ ______________________________

percorrer ⇒ ______________________________

andar ⇒ ______________________________

servir ⇒ ______________________________

5. Separa a raíz e a desinencia de cada forma verbal.

andou ⇒ and- ou ____________

percorrín ⇒ ____________

servimos ⇒ ____________

xogaban ⇒ ____________

durmiredes ⇒ ____________

debateras ⇒ ____________